




I CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO



Organiza: Concello de Lourenzá
Colabora: Deputación de lugo

“CONCELLO DE LOURENZÁ” 2017

BASES

- 1.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.
 - 2.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou ben por correo, enviando a seguinte documentación:
 - Ficha de inscrición que aparece na páxina web do Concello.
 - Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
 - Documento de exención do IVE.
 - Ficha artística e técnica.
 - DVD ou pendrive coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.
- Esta documentación enviarase á seguinte dirección:
- Concello de Lourenzá
(I Certame de teatro afeccionado)
Praza do Conde Santo
27760 Lourenzá (Lugo)
- 3.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o día 30 de setembro de 2017.
 - 4.- As representacións terán lugar no salón de actos do Concello os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de 8 actuacións. A hora da representación será establecida pola organización.
 - 5.- O primeiro domingo de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados ou os representantes nos que deleguen.

- 6.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.
 - 7.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 300 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para recibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).
- 8.- Establécense os seguintes premios:
- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 600 € e trofeo.
 - Premio “Lourenzo” ao mello actor: trofeo.
 - Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
 - Premio mellor actor de reparto: trofeo.
 - Premio mellor actriz de reparto: trofeo.
 - Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- 9.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes. As medidas aproximadas do escenario son:
 - ancho: 5 m.
 - fondo: 4.80 m.
 - alto: 3 m. (na parte máis baixa).
 - 10.- A xestión e o pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.
 - 11.- Os grupos seleccionados deberán proporcionar á organización carteis do seu espectáculo (formato A3) cunha antelación mínima de quince días á data de comezo do certame.
- 12.- O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que en todo caso aprobará a Xunta de Goberno Local.
- 13.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola Organización.
 - 14.- Teléfono de Contacto: 982121006 (M^a José)